

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE E TELEMÁTICA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 11 DE MARZO DO 2021.****Sesión 04/2021-P**

<p><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p><b><u>PRESIDENTE</u></b> D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><b><u>CONCELLEIROS</u></b> D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira (SM) D<sup>a</sup> Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luisa Rúa Prieto (SM) D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral (PP) D<sup>a</sup> María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D. Alberto Manuel García Cotelo (PP) D<sup>a</sup> María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D<sup>a</sup> Isabel Reimúndez Suárez (BNG) D<sup>a</sup> Laura Rodríguez Pena (BNG) D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa (AV) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p><b><u>INTERVENTOR</u></b> D. Jaime Presas Beneyto</p> <p><b><u>SECRETARIA</u></b> D<sup>a</sup> María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No territorio español, sendo as 20.05 horas do día xoves 11 de marzo do 2021, baixo a presidencia do sr. Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnense por vídeo-conferencia a través da aplicación Zoom os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria urxente e telemática prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte Orde do Día.</p>
--	--

**ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno Extraordinario Urxente e Telemático do Concello de Sada, quen pregunta para os efectos do art. 46.3 da Lei 7/1985 se hai algún concelleiro que se atope fóra do territorio nacional sen que ninguén conteste en sentido afirmativo, polo que queda validamente constituído o Pleno.

**1º.- APROBACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.**

Pola Presidencia dáse conta de que a urxencia da sesión é debida a dous motivos: intentar acortar os prazos do PEL-Reactiva, para poder dar canto antes as axudas a Pemes e Autónomos; e que o luns día 15 remata o prazo para presentar o recurso de casación perante o Tribunal Supremo pola sentenza da Audiencia Provincial (Pazo de Meirás) e polo tanto poder contar cun pronunciamento do Pleno municipal nun asunto de tanta relevancia



para o Concello de Sada.

A continuación procédese á votación da urxencia da sesión, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 5 PP).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 6 (2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).

En consecuencia, resulta aprobada por maioría absoluta a urxencia da sesión.

## 2º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 03/21. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 02/21: SUPLEMENTO PEL REACTIVA 2020.

Consta no expediente a proposta da Alcaldía do 05/03/2021, que recolle:

<<Asunto: Expediente modificación de crédito 03/2021. Transferencia de crédito 02/2021: Suplemento crédito convocatoria PEL-Reactiva 2020

Por Resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña nº 2020/23462 modificada por Resolución 2020/24109, apróbanse as bases reguladoras das axudas PEL-Reactiva: fondo de financiamento para a reactivación económica e social da Provincia da Coruña. Este fondo dota aos concellos incluídos no mesmo de recursos destinados á convocatoria de axudas aos profesionais autónomos e microempresas do termo municipal para contribuír á súa recuperación e viabilidade no novo contexto socioeconómico da era post COVID-19. A Resolución da Presidencia da Deputación 2020/32931, concede ao Concello de Sada a cantidade de 226.411,43 euros con cargo a dito Plan.

En aplicación da normativa reguladora do do PEL-Reactiva o Concello de Sada aproba a convocatoria e bases do programa de axudas por Decreto 2280/2020. Tramitado o procedemento obsérvase que existen solicitudes susceptibles de ser subvencionadas por importe de 411.411,43 euros. Unha vez aplicados os criterios para o outorgamento das mesmas quedan pendentes de aprobación por falla de crédito axudas por importe de 185.000 euros. A Base 3 da convocatoria prevé a posibilidade de incrementar a consignación orzamentaria da mesma.

Á vista do exposto, sendo o obxectivo da convocatoria impulsar a actividade económica e o emprego no termo municipal e contribuír a paliar na medida do posible os danos derivados da pandemia da COVID19 nas microempresas e autónomos/as, enténdese como prioridade absoluta incrementar o crédito para dar cobertura a todas as solicitudes de axuda validamente presentadas á convocatoria. Neste sentido incluírase o importe requirido como achega municipal dentro dos orzamentos xerais para o 2021. En tanto estes non se aproben proponse o presente expediente de modificación de crédito para que, sequera como financiamento ponte, poida contarse coas cantidades necesarias para cubrir a convocatoria de axudas.

Deste xeito, visto o informe da intervención municipal JPB046/2021

PROPONSE:

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 03/2021 de transferencia de crédito, a efectos de incrementar os fondos destinados á convocatoria de axudas PEL-Reactiva 2020 para dar cobertura á totalidade de solicitudes validamente presentadas, segundo detalle que segue:

Aplicacións que ceden crédito

Aplicación	Denominación	Importe
132.12001	Policía local. Soldo Grupo A2	2,000.00
132.12100	Policía local. Complemento de destino	1,000.00
132.12101	Policía local. Complemento específico	2,000.00
151.22706	Urbanismo. Estudos e traballos técnicos	10,000.00
171.22711	Parques e xardíns. Contrato mantemento	12,000.00
2310.22799	Asistencia social primaria. Outros traballos	15,000.00
2311.22609	Xuventude. Actividades culturais ou deportivas	7,000.00
2411.13000	Centro Formación Ocupacional. Retribucións básicas	6,000.00
2411.13002	Centro Formación Ocupacional. Retribucións complementarias	4,000.00
326.22799	Actividades complementarias de educación. Outro traballos	8,000.00
3340.22609	Promoción da Cultura. Actividades	13,000.00
337.48000	Instalacións de tempo libre. Subvencións correntes	5,000.00
338.22626	Festas	70,000.00
341.22609	Promoción do deporte. Actividades	10,000.00
931.22708	Política económica e fiscal. Taxa servizo recadación	20,000.00



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000004

TOTAL	185,000.00
-------	------------

Aplicacións que incrementan crédito

Aplicación	Denominación	Importe
439.47900	PEMES Outras actuacións sectoriais. Outras subvencións a empresas privadas	185,000.00
TOTAL		185,000.00

Terceiro.- *Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.*

Cuarto.- *Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor>>.*

Expón a proposta e solicita o voto favorable da Corporación a sra. Rodríguez Pena, concelleira delegada de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

Debátase o asunto coas intervencións da sra. Pardo Fafián (PSOE) e da sra. García Freire (PP).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobado o expediente de modificación de créditos 03/2021 de transferencia de crédito, a efectos de incrementar os fondos destinados á convocatoria de axudas PEL-Reactiva 2020 para dar cobertura á totalidade de solicitudes validamente presentadas, segundo detalle que segue:

Aplicacións que ceden crédito

Aplicación	Denominación	Importe
132.12001	Policía local. Soldo Grupo A2	2,000.00
132.12100	Policía local. Complemento de destino	1,000.00
132.12101	Policía local. Complemento específico	2,000.00
151.22706	Urbanismo. Estudos e traballos técnicos	10,000.00
171.22711	Parques e xardíns. Contrato mantemento	12,000.00
2310.22799	Asistencia social primaria. Outros traballos	15,000.00
2311.22609	Xuventude. Actividades culturais ou deportivas	7,000.00
2411.13000	Centro Formación Ocupacional. Retribucións básicas	6,000.00
2411.13002	Centro Formación Ocupacional. Retribucións complementarias	4,000.00
326.22799	Actividades complementarias de educación. Outro traballos	8,000.00
3340.22609	Promoción da Cultura. Actividades	13,000.00
337.48000	Instalacións de tempo libre. Subvencións correntes	5,000.00
338.22626	Festas	70,000.00
341.22609	Promoción do deporte. Actividades	10,000.00
931.22708	Política económica e fiscal. Taxa servizo recadación	20,000.00



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000004

TOTAL	185,000.00
-------	------------

#### Aplicacións que incrementan crédito

Aplicación	Denominación	Importe
439.47900	PEMES Outras actuacións sectoriais. Outras subvencións a empresas privadas	185,000.00
TOTAL		185,000.00

Terceiro.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Cuarto.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.

### **3º.- RECURSO EXTRAORDINARIO POR INFRACCIÓN PROCESUAL E DE CASACIÓN CONTRA A SENTENZA DO 12/01/2021 DA SECCIÓN TERCEIRA DA AUDIENCIA PROVINCIAL DA CORUÑA RECAÍDA NO RECURSO DE APELACIÓN 600/2020 DIMANANTE DO PO 752/2019 DO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚM. 1 DA CORUÑA.**

Consta no expediente o informe do avogado Miguel Torres Jack, do 01/03/2021; e a proposta da Alcaldía do 09/03/2021, que recolle:

*<<Proposta da Alcaldía relativa á interposición de recursos contra do apartado 2º.f) do fallo da sentenza 60/2021 da sección terceira da Audiencia Provincial referida ao Pazo de Meirás.*

*O pasado día 12 de febreiro de 2021 a sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña fixo pública a resolución do recurso de apelación interposto polos herdeiros da familia Franco contra a sentenza 600/2020 ditada o 2 de setembro de 2020 polo xulgado de primeira instancia nº 1 da Coruña.*

*Esta Resolución pon de manifesto e ratifica a evidencia de que o Pazo de Meirás é propiedade pública. A Audiencia ratifica que no ano 1941 cometeuse un fraude ao asinarse unha compra-venda entre Franco e a propietaria do inmovible cando este xa fora vendido pola mesma persoa á Junta Pro-Pazo en 1938.*

*Houbo polo tanto simulación e houbo fraude, e conséntase tamén que o Estado foi o posuidor de facto do Pazo durante a ditadura, xa que asumiu todos os gastos derivados do mantemento e conservación.*

*Estamos pois diante dun triunfo histórico dunha reivindicación colectiva tecida durante anos, que conseguiu rachar cun relato sobre unha suposta “doazón” creada e difundida de maneira interesada polo Réxime Franquista.*

*Pero nesta Resolución estímase o recurso da familia Franco referido a que, aínda que posuíron de xeito ilícito o inmovible, fixérono “de boa fe”. Non so os herdeiros do ditador, e retroactivamente desde 1975, senón presuntamente o ditador mesmo, por entender que teríase beneficiario das irregularidades cometidas por outros.*

*Todo isto, ademais de proxectar unha determinada imaxe da ditadura e do ditador, ten unha consecuencia directa. Se os posuidores o son “de boa fe”, adquiren dereito a seren compensados economicamente polos gastos nos que incorreron, tanto os de mantemento como os de mellora, sen que poidan deducirse os ingresos percibidos polos Franco. Ingresos a compensar que entrarían no cálculo da liquidación posesoria de declararse a “mala fe” na actuación do ditador, e polo tanto con presumible saldo negativo para os Franco.*

*Entende tamén a sentenza que, en todo caso, a posesión de “mala fe” nunca podería ser achacada aos netos do ditador, porque esta condición non se herda. Eles foron propietarios en virtude dunha escritura, a de 1941, que acreditaba esa propiedade, e non tiñan por que coñecer a súa natureza fraudulenta. Aínda aceptando ese extremo tan inverosímil, os netos foron propietarios desde decembro de 2017 e na sentenza fíxase como data a partir da cal os gastos deben ser reembolsados, o ano 1975, a morte de Franco. Entende o xulgado que é a partir dese momento cando o Pazo perde a condición de ben público do Estado e pasa a ser administrado pola familia Franco, que corre cos gastos. Non ten en conta o xulgado que o Estado mantivo un destacamento da Garda Civil ata o ano 1982 destinado no cuartel do Pazo coa función de vixiar a finca, nin tampouco que ata o ano 1990, o Pazo de Meirás estivo custodiado por un Garda Civil que vivía no interior e realizaba tarefas de mantemento.*

*Tampouco se ten en conta que as únicas actuacións relevantes acreditadas pola familia no recente xuízo son as de reforma interior acometidas entre 1998 e 2000. E que para as obras coas que se reformou o edificio para amañar os danos ocasionados por un incendio, percibiron dos seguros máis de trece millóns de pesetas de 1978.*

*Non é certo, xa que logo, que a familia Franco asumise todos os gastos de mantemento do Pazo de Meirás desde o ano 1975. De feito, ata finais dos anos 90 o Pazo permaneceu nun estado que rozaba o abandono e que contribuíu a acentuar o seu deterioro.*



*Que teñan que ser compensados economicamente por teren gozado dun ben que non lles correspondía non semella nin legal nin ético nin xusto.*

*O concello de Sada entende que hai motivos máis ca suficientes para recorrer esta sentenza, e que merece a profunda crítica da sociedade civil e das institucións democráticas.*

*Pronunciarse con rotundidade e recorrela ante as instancias xudiciais superiores é unha obriga, para que non se sintan traizoadas todas as persoas e institucións que traballaron sin descanso para recuperar o Pazo para o patrimonio público.*

*É o momento de que as partes implicadas no proceso estean á altura das circunstancias. Para pagar polo que foi roubado non parece que sexa moi reparador.*

*A Avogacía do Estado debe recorrer este fallo e o goberno do Estado así llo ten que ordenar. Non facelo sería contribuír a un branqueo inaceptable do franquismo.*

*Do mesmo xeito, tamén deben interpor recursos as outras partes adhesivas simples, como son a Xunta de Galiza, Deputación Provincial, Concello da Coruña e o propio Concello de Sada.*

*O letrado encargado da defensa xurídica do Concello no procedemento de referencia emitiu informe a petición da alcaldía sobre as posibilidades favorables de interpoñer recurso.*

*Por todo o anterior, propónse ao Pleno a adopción do seguinte*

#### ACORDO

*1.- Instar ao goberno do Estado a que ordene á avogacía do Estado á interposición dos recursos que procedan ante o Tribunal Supremo contra do apartado 2º.f) do fallo da sentenza 60/2021 da sección terceira da Audiencia Provincial, de 12 de febreiro, referida ao Pazo de Meirás.*

*2.- Instar, co mesmo obxecto, ás outras partes adhesivas personadas, Xunta de Galiza, Deputación Provincial de A Coruña e Concello de A Coruña á interposición dos recursos que procedan ante o Tribunal Supremo.*

*3.- Apoiar, co mesmo obxecto, á alcaldía para que ordene á representación letrada municipal á interposición dos recursos que procedan ante o Tribunal Supremo.*

*4.- Facultar ao Alcalde-Presidente para a execución dos presentes acordos, dando traslado dos apartados 1 e 2 ás presidencias das administracións respectivas>>.*

O Presidente fai unha valoración do asunto a debater e do seu contexto, explica que a proposta é extemporánea por terse pronunciado xa tanto a Xunta como o Estado, que polo tanto todos os puntos de instar ás outras Administracións carecen de relevancia e que hai unha emenda proposta polo BNG na que se inclúe tamén o único punto que se mantería da proposta inicial.

A dita proposta como alternativa ao texto da proposta inicial recolle o seguinte:

*<<Isabel Reimúndez Suárez, portavoz do Grupo Municipal do BNG, en base ao art. 52 do ROM presenta ENMENDA Á PROPOSTA DA ALCALDÍA relativa á “interposición de recursos contra do apartado 2.f) do fallo da sentenza 60/2021 da sección terceira da Audiencia Provincial referida ao Pazo de Meirás”, baseada nos seguintes*

#### FEITOS

*A proposta da Alcaldía é extemporánea no seu conxunto, por canto no día de onte produciuse un acordo unánime no Parlamento de Galicia a unha proposta transaccional do BNG que foi aceptada polo PSdeG-PSOE e polo Partido Popular, na que se acorda demandar ao Estado e a Xunta que interpoñan os recursos.*

*A avogacía do Estado xa confirmou que presentará Recurso e a Xunta de Galiza, en consecuencia co acordado no Parlamento tamén se adherirá.*

*Tomando como base ese acordo parlamentar, o Grupo Municipal do BNG de Sada propón que o Pleno da Corporación se pronuncie nos mesmos termos que fixeron onte unánimemente os Grupos parlamentares do BNG, Partido Popular e PSdeGPSOE.*

*Por todo elo, presentamos ENMENDA á totalidade da proposición da Alcaldía, para ser substituída co mesmo texto aprobado por unanimidade no Parlamento de Galiza no día de onte, polo que propoñemos o seguinte*

#### ACORDO:

*1.- “O Pleno da Corporación acorda como resolución apoiar e demandar que a Administración Xeral do Estado así como a Xunta de Galiza interpoñan os recursos oportunos contra a sentenza 60/2021 de 12 de febreiro, da Audiencia Provincial da Coruña, no relativo á condición e liquidación posesoria de boa fe, así como, no seu caso, ao personamento como partes recorridas en defensa dos restantes pronunciamentos da parte dispositiva da sentenza. Todo isto en concordancia co acordo do pleno do Parlamento do 11 de xullo de 2018, a prol da recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público e de que a mesma non supoña un novo custo para o pobo galego, evitando que os herdeiros do espolio obteñan ningún beneficio económico do mesmo”.*

*2.- Asimesmo o Pleno da Corporación faculta ao Alcalde para que ordene á representación letrada municipal á interposición dos recursos ou adhesións que procedan ante o Tribunal Supremo en apoio do expresado no punto 1.*

*3.- Facúltase ao Alcalde para a execución dos presentes acordos, dando traslado do mesmo ás presidencias da Xunta e do Goberno do Estado>>.*

Expón a alternativa presentada polo grupo municipal do BNG, de modificación da proposta inicialmente presentada, a sra. Reimúndez Suárez, voceira do dito grupo municipal.

Debátese o asunto coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Pardo Fafián (PSOE), da sra. Salorio Porral (PP) e do Presidente.

A continuación procédese á votación da proposta de modificación presentada polo BNG e aceptada pola



Alcaldía, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

- 1.- “O Pleno da Corporación acorda como resolución apoiar e demandar que a Administración Xeral do Estado así como a Xunta de Galiza interpoñan os recursos oportunos contra a sentenza 60/2021 de 12 de febreiro, da Audiencia Provincial da Coruña, no relativo á condición e liquidación posesoria de boa fe, así como, no seu caso, ao personamento como partes recorridas en defensa dos restantes pronunciamentos da parte dispositiva da sentenza. Todo isto en concordancia co acordo do pleno do Parlamento do 11 de xullo de 2018, a prol da recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público e de que a mesma non supoña un novo custo para o pobo galego, evitando que os herdeiros do espolio obteñan ningún beneficio económico do mesmo”.
- 2.- Asimesmo o Pleno da Corporación faculta ao Alcalde para que ordene á representación letrada municipal á interposición dos recursos ou adhesións que procedan ante o Tribunal Supremo en apoio do expresado no punto 1.
- 3.- Facúltase ao Alcalde para a execución dos presentes acordos, dando traslado do mesmo ás presidencias da Xunta e do Goberno do Estado.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 25 minutos do día xoves 11 de marzo do 2021, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).